

ACTA 5ª ASAMBLEA CEIP BAROUTA

6 DE MARZO DE 2018

HORA DE INICIO 18:40

Temas tratados:

1. Infórmase do paro convocado para o día 8 de marzo, e de que o centro en Claustro decidiu unirse a partires das 12, mantendo os servizos mínimos.
2. Fálase da importancia de tentar eliminar a lingüaxe sexista e/ou discriminatoria no centro. A tódolos presentes parécelles que é una media positiva. Tras un debate sobre como acadar isto xorden ideas como : elaborar un manual que axude ante determinadas dúbidas (ou ver se xa existe algo semellante), involucrar ao alumnad@ de maneira consciente comentándolle o cambio, incluír no desenvolvemento das actividades estas temáticas tendo especial coidado nos roles e na indumentaria empregada por nenos e nenas, levar a cabo un “chocolate con...” con persoas expertas nesta temática e extender a participación a rapaces e rapazas.
3. Segunda liña do CEIP de Barouta:

En primeiro lugar explicouse a problemática de Barouta, fai de zona de influencia de 8 das 11 parroquias do concello de Ames, e os datos do padrón din que non poden estar escolarizar tódolos nenos da zona en Barouta. Se explicou que duplicando primaria en Barouta, se podería coller ás crianzas da unitaria de Covas. O problema xurdeu o ano pasado pero quedou algo aletargado.

A responsable da Anpa explica que tiveron o apoio de grupos directivos e asociación de vecinos. Déronlles cita dende a Xefatura Territorial e tras ir alí dixeron que non estaban a favor da segunda liña e que, pola información que eles tiñan, dende o Concello tampouco.

Pregúntase se alguén se opón á solicitude da segunda liña para primaria e ningún dos presentes se opón. Tras unha posta en común decídese levar a cabo unha serie de medidas;

- Reunión co goberno.
- Peche de firmas o 14 de abril en Bertamiráns
- Levar os apoios á xefatura.
- Sacar nota de prensa.

4. USO E FOMENTO DO GALEGO

Detéctase que cada vez os nenos falan menos galego no centro. Xurde un debate no que saen os seguintes motivos:

- Hai moita contaminación do castelán por diversos medios.
- A normativa tampouco axuda.

- Se nos lle damos referentes casteláns ás nosas fillas, cando se atopen en controversia van a atopar a referencia na que se atopen máis cómodos cos compañeiros.
- Ante a combinación de galego falante e castelán falante cede o galego falante, quizais polos prexuízos.
- Proposta de chocolate con alguén que lle axude á xente a dar resposta a este tipo de cuestión e lle dea ferramentas.
- Propoñer empregar recursos en portugués, xa que en galego non hai moito.

5. LIBROS DE TEXTO

Parécenos que unha boa parte dos libros de texto que se empregan están descontextualizados da realidade inmediata e dos intereses do alumnado.

Compartímos a idea de que parece interesante pensar en recursos alternativos aos libros de texto e que estes non foran o fío conductor principal da actividade docente. Unha liña interesante de traballo a potenciar é a de TRaballo por proxectos. Neste sentido a Asemblea amosaba a súa ledicia pola recente obtención do Premio Educacompostela.

Unha boa parte dos deberes parecen centrarse na realización de actividades presentes nos libros de texto.

6. XOGOS NO PATIO

7. OUTRAS:

-Había un consenso xeneralizado en ter a sensación de que tendo en conta a localización do centro, resultaba un tanto extraño que non se realizasen un maior número de actividades que supuxeran unha implicación de actividades no seu desenvolvemento, maior realización de visitas ao contorno, etc.

-Nalgúns casos chama moito a atención o considerable número de exames ou probas que realiza o alumnado. Nalgúns casos parecen estar a estas alturas cerca de 30 probas. (Aínda que se recoñece o esforzo do profesorado por tentar realizalas sen que ao alumnado non lle supoña moita tensión. Moitas destas probas están centradas fundamentalmente nas actividades desenvoltas ao redor do libro de texto. A pregunta que xurde é: Nos niveis de ensino dos que estamos a falar, non sería posible pensar en práctica alternartivas e continuas de avaliación alternativas a ese tipo de probas?.